

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2021**

Na Casa Consistorial de Sobrado, sendo as 13:22 horas do día de referencia, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as sres/as Concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria do pleno baixo a presidencia do Alcalde, coas seguintes asistencias:

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros/as:

Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

Juan Vicente Aller Penas (PSdeG-PSOE).

José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE)

Ángel López Fidalgo (PP).

María Jesús García Souto (PP).

#### Non asiste:

Magín Freire Fidalgo (PSdeG-PSOE).

#### Secretaria:

Alejandra D. Fandiño Sánchez

## **ORDE DO DÍA**

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 28 DE SETEMBRO DE 2021.**

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola Presidencia preguntáse aos Sres. Concelleiros asistentes se teñen algo que obxectar respecto da redacción da acta da sesión ordinaria celebrada o día 28 de setembro

Ao non se efectuar ningunha observación, acto seguido a Presidencia somete a votación este punto da Orde do día, acadando o resultado seguinte: A Corporación, aproba por unanimidade dos Sres. Concelleiros presentes na sesión o borrador da sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de setembro de 2021

**SEGUNDO.- PRÓRROGA DO CONTRATO BASADO NO ACORDO MARCO DA  
CONTRATACIÓN DO SUMINISTRO DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN  
A TRAVÉS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP**

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 16.11.2021 que transcrita literalmente di:

**EXPEDIENTE:2020/C005/000001**  
**EXPEDIENTE FEMP:2020/000396**

**PROPUESTA DE ALCALDÍA DE ACUERDO DE PRÓRROGA DEL CONTRATO  
BASADO EN EL ACUERDO MARCO PARA LA CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE  
ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN A TRAVÉS DE LA CENTRAL DE  
CONTRATACIÓN DE LA FEMP**

**ANTECEDENTES**

**PRIMERO.-** La Entidad Local AYUNTAMIENTO DE SOBRADO (A CORUÑA) mediante Acuerdo de PLENO de fecha 7 de enero de 2020 se adhirió a la Central de Contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias, a fin de poder contratar los servicios y suministros que ofertare la citada Central, de conformidad con las condiciones y precios fijados en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha Central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

**SEGUNDO.-** Con fecha 21 de mayo de 2019 la Central de Contratación de la Federación Española de Municipios y Provincias resultaron adjudicatarias las mercantiles IBERDROLA CLIENTES, S.A.U, ENDESA ENERGÍA, S.A.U. y GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. para los Lotes 1 al 7. La formalización de los Acuerdos Marco se produjo el día 17 de junio de 2019, finalizando la vigencia ordinaria del mismo el próximo 17 de junio de 2021. Pudiendo prorrogarse anualmente, sin que la duración total del acuerdo marco, pueda exceder de 48 meses (4 años).

**TERCERO.-** En fecha 23.10.2020 la Entidad Local AYUNTAMIENTO DE SOBRADO envió el documento de invitación a través de la Plataforma tecnológica a las tres empresas adjudicatarias del lote 1 de dicho Acuerdo marco.

**CUARTA.-** La adjudicación del contrato basado fue efectuada por acuerdo del Pleno, de fecha 26 de noviembre de 2020 resultando adjudicataria la empresa GAS COMERCIALIZADORA SA y siendo notificada con fecha 30.11.2021 y cuyo suministro finalizará el próximo 31.12.2021.

**QUINTA.-** La duración del contrato basado según lo dispuesto en la resolución adjudicación era de 1 año, prorrogable anualmente por 4 años.

**SEXTA.-** Que en fecha 29.09.2021, se comunicó a la adjudicataria preaviso con la voluntad inicial de prorrogar el contrato basado a los efectos previstos en el artículo 29.2 de la LCSP, condicionada a la conformidad de la Entidad Local con la remisión por aquella de los precios del contrato basado revisados conforme a lo dispuesto en el art 16.3 del PCA y en el plazo establecido.–

**SEPTIMA-** Que recibidos los precios revisados por la adjudicataria, se da conformidad a los mismos, adjuntándose a esta resolución.

### **FUNDAMENTOS DE DERECHO**

**PRIMERO.** El Pliego de Cláusulas Administrativas (en adelante, "PCA"), prevé en su cláusula 21.2 la posibilidad de solicitar prórrogas en sus contratos basados:

*"La duración ordinaria de los Contratos basados será de un año, tal y como dispone la normativa sectorial de aplicación, pudiendo celebrarse prórrogas por periodos de un año, hasta un máximo de cinco años. Todo ello sin perjuicio de las altas eventuales y de temporada que surjan durante la vigencia y al amparo del contrato basado, conforme a lo establecido en los Pliegos, en el Acuerdo marco y en la normativa de aplicación, y ajustándose a la proposición económica presentada sobre el porcentaje de incremento máximo sobre los precios de energía de las tarifas de acceso para el suministro definitivo.*

**SEGUNDO.** De conformidad con lo indicado en el Documento de invitación y en la cláusula 21.2 del PCA y con la intención de continuar prestando el suministro de electricidad en alta y baja tensión en la Entidad AYUNTAMIENTO DE SOBRADO, la prórroga resultará de obligada aceptación por parte del adjudicatario (y siempre que haya un preaviso de 2 meses, porque así lo establece el artículo 29.2 de la LCSP) salvo que la Entidad Local disponga lo contrario en el Documento de invitación y salvo que se dé la causa de resolución prevista en el artículo 198.6 de la LCSP por haberse demorado la Entidad Local en el pago del precio más de 6 meses, siempre que dicho impago no se produzca por incumplimiento de la empresa contratista, cuestiones ambas, que no se han producido. Si la EELL no lleva a cabo ese preaviso con 2 meses de antelación a la finalización del contrato, la prórroga será por acuerdo entre partes (dejará de ser potestad de la administración).

*Para la tramitación de la prórroga anual, los precios vigentes en el contrato basado serán objeto de revisión (Incluso en el caso de que no se produzca el preaviso de 2 meses por parte de la administración.). En este sentido, la adjudicataria estará obligada a comunicar al responsable del contrato basado de la Entidad Local, con al menos cuarenta y cinco días de antelación a la finalización del contrato basado, los precios revisados conforme a lo establecido en la cláusula 16.3 del PCA, con la diferencia de que el primer reajuste de umbrales que se realice tomará los precios -Umbral (i-1)- ofertado originalmente por las empresas adjudicatarias para el contrato basado.*

*En el plazo de quince días desde la recepción de los precios revisados, siempre con un mes de antelación a la finalización del contrato basado, la Entidad Local deberá comunicar su intención de prorrogar el contrato basado por un año más. **En caso de que dicha comunicación sobre la conformidad con los precios revisados no se produzca por parte de la Administración**, de conformidad con lo previsto en el artículo 29.2 de la LCSP según el cual: "En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes", **la empresa procederá, en el plazo de los 5 días hábiles anteriores a la fecha de finalización del suministro indicada más arriba a realizar los trámites oportunos para dar de baja los puntos de suministro objeto del contrato basado.** Al producirse la extinción del contrato, la empresa Distribuidora procederá a asignar estos suministros a la comercializadora de último recurso, en aplicación de la normativa vigente, R.D. 216/2014, que en el apartado d) del artículo 4 establece que los comercializadores de referencia deberán atender las solicitudes de suministro de energía eléctrica y formalizar los correspondientes contratos con los consumidores, que sin cumplir los requisitos para la aplicación del precio voluntario para el*

*pequeno consumidor, transitoriamente carecen de contrato en vigor con un comercializador libre, y les resulten de aplicación las correspondientes tarifas de último recurso de acuerdo con lo previsto en el [artículo 17.3 de la Ley 24/2013, de 26 de diciembre](#).*

**TERCERO.** Las condiciones que deberán regir esta prórroga serán las mismas que las del contrato basado y se mantendrán inalterables durante toda la vigencia de la prórroga, tal y como se establece en el PCA, a excepción de la revisión de precios prevista en el mismo.

En virtud de lo anterior, esta alcaldía propone al PLENO la adopción del siguiente ACUERDO:

**PRIMERO.** - Prorrogar el Contrato basado para el suministro de electricidad en alta y baja tensión desde el día 01.01.2022 hasta el 31.12.2022, aplicándose los precios revisados conforme a lo establecido en la cláusula 16.3 del PCA, y que se adjuntan a esta resolución, formando parte del expediente.

**SEGUNDO.-** Comunicar esta resolución a la empresa adjudicataria a través de la plataforma informática de la Central de Contratación, publicarla en el perfil del contratante de esta Entidad Local y notificarla conforme a lo establecido en la LCSP.

Non se producen intervencións e procédese a votación , en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): ): Luis Lisardo Santos Ares, Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), Angel Manuel Vázquez Bugallo. (PSdeG-PSOE) , José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE) , Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), M<sup>a</sup> Jesús García Souto e Ángel López Fidalgo (PP)

Abstencións:(0).

Votos en contra (0)

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

**TERCEIRO.APROBACIÓN DA PROPOSTA DE CAMBIO DE USO NO PXOM DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 15081A002015750001SD.**

Dase lectura á proposta de alcaldía de data 23.11.2021 que transcrita literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2021/U032/000001


**PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CAMBIO DE USO DE PARCELA RESERVADA PARA EQUIPAMENTO PÚBLICO POR OUTRO USO DOTACIONAL DISTINTO**

Este Concello de Sobrado é propietario dunha parcela de referencia catastral 15081A002015750001SD na que se atopan varias edificacións: CEIP plurilingüe Virxe do Portal, almacén de servizos urbanos e antiga escola infantil, sita no núcleo urbano de Sobrado. A citada parcela foi adquirida á Xunta de Galicia, escritura de compravenda nº



661 o 22 de xullo de 2020, notario Oscar M. López Doval, estando pendente de inscrición no Rexistro de Propiedade de Arzúa e dar de alta no Inventario de Bens

A parcela está cualificada como sistema xeral dotacional, dentro da categoría de equipamento docente, co códigos DCX-1, segundo o plano CU, CU-2 e CU-4 de cualificación de solo urbano, do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Sobrado, aprobado definitivamente por Orde do 8 de abril de 2009, e ten unha superficie adscrita ao equipamento de 9.167 m<sup>2</sup>.



A antiga escola infantil de Porta leva moitos anos sen ser destinada ao uso docente pola creación doutras escolas que ofrecen este servizo, polo tanto, a día de hoxe o USO que se recolle no PXOM non é o correcto, xa que se pretende a rehabilitación e ampliación para destinala a Centro de día, dando un servizo sanitario-asistencial de titularidade municipal.


O cambio de uso é posible atendendo ao artigo 42.5) da Lei do Solo de Galicia, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e artigo 65.7) do Regulamento da Lei do Solo aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no que se recolle que "O concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública

ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos".

Os equipamentos defínense no artigo 71 e 72 do Regulamento da Lei do Solo. O uso polo cal se pretende cambiar sería o de uso **SANITARIO-ASISTENCIAL: instalacións e servizos sanitarios, de asistencia e benestar social.**

Polo tanto estarase a cumprir o recollido no artigo 42.5) da LSG e 65.7) do RLSG:

- segue a manterse a titularidade pública do inmovible
- cambiase o uso docente por outro uso dotacional distinto, sanitario-asistencial.



Modifícase a delimitación do equipamento docente DCX-1, pasando a estar dividido en equipamento docente DCX-1: 5.592 m<sup>2</sup>, equipamento sanitario-asistencia SAX-3: 3.028,60 m<sup>2</sup> e equipamento servizos urbanísticos SRX-11: 546,40 m<sup>2</sup>.

- o cambio de uso de parte da parcela de referencia catastral 15081A002015750001SD na cal se atopa unha edificación recoñecida como Antiga Escola Infantil, en base ao artigo 42.5) da Lei do Solo de Galicia e artigo 65.7) do Regulamento da Lei do Solo.

Constan no expediente os informes favorables da técnica municipal de data 29.04.2021 e da secretaria-interventora de 22.11.2021.

Vista a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 27 de outubro de 2021.

Visto todo o anterior, propónse ao Pleno que adopte o seguinte ACORDO:

Primeiro.-Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o cambio de uso dotacional da parcela sita no lugar de Sobrado, parroquia de Porta, con referencia catastral 15081A002015750001SD na cal se atopa unha edificación recoñecida como antiga escola infantil, do seguinte xeito: modifícase a delimitación do equipamento docente DCX-1, pasando a estar dividido en equipamento docente DCX-1: 5.592 m<sup>2</sup>, equipamento sanitario-asistencia SAX-3: 3.028,60 m<sup>2</sup> e equipamento servizos urbanísticos SRX-11: 546,40 m<sup>2</sup>.

Segundo.-Publicar o presente acordo no BOP e no DOG, e remitir dito acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, para o seu coñecemento e efectos, así como para a inclusión nos sistemas de información urbanística da Comunidade Autónoma. No anuncio de aprobación, farase constar dita remisión."

Iniciase o turno de intervencións pola Voceira do Grupo municipal do Partido Popular a sra. García Souto que pregunta se a idea é que sexa para un centro de día e ademais unha residencia.

Resposta o sr. alcalde que farase o que se poida, se faría primeiro o centro de día e se é posible posteriormente a residencia.

Non se producen máis intervencións e procédese a votación, en votación ordinaria, co seguinte resultado:

Votos a favor (7): Luis Lisardo Santos Ares, Alfonso Ríos Santos., (PSdeG-PSOE), José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE), Ángel Manuel Vázquez Bugallo (PSdeG-PSOE) Miguel Combo Aller (PSdeG-PSOE), M<sup>a</sup> Jesús García Souto e Ángel López Fidalgo (PP)

Abstencións:(0).

Votos en contra (0)

Polo tanto queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos e coa maioría absoluta do número legal de membros, tal como esixe o artigo 42 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia

## **CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN**

### **CUARTO.MOCIÓNS DE URXENCIA**

Non houbo.

### **QUINTO .DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA.**

Dase conta dos decretos de alcaldía dende o 276/2021 a 494/2021

## **SEXTO. DAR CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 3º TRIMESTRE DO 2021.**

Neste intre incorporase á sesión o concelleiro Juan Vicente Aller Penas

Dase conta do periodo medio de pago a provedores do 3º trimestre do 2021 , que foi de 88,64 días.

## **SÉTIMO .ROGOS E PREGUNTAS**

Preguntas formuladas pola sra. García Souto:

1.Con respecto aos decretos quería saber a que se deben unas facturas de transporte de auga de 5000 e 3000 €.

Resposta o sr. alcalde que foron para o depósito de Pousada e que se fixeron dúas tandas distintas para o mesmo depósito.

2.En que consiste o proxecto da obra “Abastecemento a Dombrete”.

Resposta o sr alcalde que non é unha obra específica para Dombrete, é para aumentar o caudal.

En qué consiste a obra?

Resposta o sr. alcalde que que basicamente pónse unha tubaría máis ancha e vólvese a enganchar en outra rede.

3.Hai pagos de modificación do plameamento, supoño que será por este cambio de uso que se acaba de aprobar. Hai prevista alguna modificación puntual do PXOM, xa que no 2017 estaban contratadas unhas modificacións.

Resposta o sr. alcalde que lle constestará por escrito.

A sra. García afirma que espera que a resposta sexa máis detallada que as que deu no anterior pleno.

4.Ve que hai informes de reparo de legalidade no pago de facturas e que o alcalde dixera que o motivo era por que non estaban correctamente contratados os servizos.

Resposta o sr. alcalde que lle contestará por escrito.

A sra. García Souto lle recorda que dixo nun pleno que non os sacaba a licitación para non perxudicar ás empresas de Sobrado.

5. Hai unha contratación de reparación dun viario en As Cruces que non se contratou correctamente consistente en limpeza e desbroce de cunetas e pregunta se era necesario.

Resposta o sr. alcalde que si era necesario.

6. Sobre o camión con cesta elevadora que se mercou había unha pregunta do anterior pleno que se dixo que era par a a recollida e traslado de residuos.



Resposta o sr. alcalde que se trata da subvención do Fondo de Compensación Ambiental e cree que no momento de redactar a memoria para solicita-la subvención se puxo que era para a recollida e traslado de residuos.

7. Está finalizada a obra de “Mellora paisaxística no lugar de As Cruces”?

Resposta o sr. alcalde que si.

A sra. García Souto pregunta se só consistiu en instalar marquesinas e bancos.

O sr alcalde afirma que si.

8. Hai un montón de proxectos sen licenza, declaracións de ineficacia de comunicación previas de obra e quere saber porque non se tramitou ningún expediente de concesión de licenza ben.

Resposta o sr. alcalde que tería que falar cos técnicos que redactan os proxectos, porque cando os proxectos están ben, se tramitan correctamente.

Afirma a sra García Souto que recentemente se deu licenza de primeira utilización a SALBALOGAL, e que si se concedeu a licenza será porque estaba correctamente executada e no momento da concesión da licenza de obra había no expediente varios informes negativos e houbo que recorrer ao Servizo de asistencia da Deputación.

Resposta o sr. alcalde que cree recordar que tanto a licenza de obra coma a de primeira utilización a deu él como alcalde.

9. Con respecto ás preguntas que lle respondeu no último pleno:

Intervén o sr. alcalde e afirma que xa están contestadas.

A sra. García expón que se hai unha obra que se demostra que non ten licenza concedida, non se supón que o concello debería de actuar? Hai un novo vaso en as Pías e á pregunta formulada sobre si se concedeu licenza respondiches que non .

Afirma que quere que conste en acta que está en execución e non ten licenza e esixe que lle conteste o alcalde por escrito.

Na pregunta 25 se contesta que hai un informe contrastado, e quere saber cal foi o procedemento de contratación de esa empresa e que se está a contratar concretamente, en que consiste e cales son os expedientes porque lle gustaría velos así como saber si necesitarían licenza os pozos e porque non a teñen

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 13:42 horas, o Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**